

**Acta núm. 21/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 17 de setembro de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 17 de setembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚM. 20/2019, DO 13.08.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2019, DO 13.08.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 13.08.2019, acta núm. 20/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AVELINO CORDO RIVERA, na que comunica que vai picar, limpar e encintar dúas fachadas e substituír as fiestras da carpintería exterior da vivenda sita en Osebe nº6, Bastavales, para garantir as condicións de estanquidade e illamento.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 7404617NH2470N0001MK, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 78,31 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 78,31 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BALNEARIO DO TREMO BLOQUE C, na que comunica que se van realizar labores de limpeza, impermeabilización e reparación das terrazas dos portais nº 11-1ªA, nº11- 1ºB e nº12 – 1ºB.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 274,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 339,17 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN JOSÉ PAIS VERDE, na que comunica que vai facer a seguinte obra nunha vivenda sita en Vilas nº32 – Bastavales:

- Reparar a cuberta substituíndo a tella existente en mal estado por tella nova, e colocando canalóns e baixantes, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

- Limpar e encintar as fachadas de pedra.

A parcela (6722531NH2462S0001XP) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Vilas, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como XBE6, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 54,98 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 119,55 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIA RAMÓN DIEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda situada en Ombre nº15, Viceso, substituíndo a tella existente en mal estado por tella nova e chapas de fibrocemento; sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (0271508NH2407S0001TW) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,83 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 129,40 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN RIVAS REY, na que comunica que vai revestir as fachadas da vivenda situada en Babenzo nº34, Basatavales, con mampostería de pedra.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 7920429NH2472S0001FF, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 99,75 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 99,75 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ERNESTO MONTES ALVITE, na que comunica que vai construír unha cubrición tipo marquesiña, de 41,02m², para dar resguardo os animais, no lugar do Revolta, Brión.

A parcela (referencia catastral 15013B505005410000MA) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría, en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d), e parte dentro da zona de policía do rego de Perros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Non poderá destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que conte con instalacións propias das vivendas, segundo o disposto no artigo 50.h) do Regulamento da Lei 2/2016.
- Situarase mínimo a 10 metros do eixe do vial segundo o artigo 3.9 do PXOM, mínimo a 100 metros do rego de Perros e mínimo a 5 metros dos lindeiros.
- A cubrición será de tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 76,87 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 141,44 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN

CANEDO TRABA, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda sita en Paseo de Pedrouzos nº44, substituindo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (6357807NH2465N0011XF) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,30 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 101,87 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de JAVIER FERRO VILLEGAS, na que comunica que vai limpar as fachadas da vivenda sita na Urbanización Montedevesa nº35 – Os Ánxeles, con auga a presión.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 6246155NH2464N0001XD, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,50 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 17,50 euros.

3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica en Cantelar nº14, Boullón, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o apoio existente 250-9, mediante a realización dun paso aéreo subterráneo ata a situación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabia dunha lonxitude total de 12m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado no Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, nº 338/19-CO, o 30.01.2019.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (4140405NH2444S0000GS) está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM, e conta con licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar outorgada pola Xunta de Goberno na data 09.05.2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e da autorización de Augas de Galicia de data 19.06.2019 (expediente

DH.W15.66383), por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 368,88 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 13,78 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,35 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL BELLO GARCÍA, na que solicita licenza de obra para colocar unha canalización de abastecemento de auga privada entre as parcelas con referencia catastral nº 15013B503011610000MR e nº 15013A053000470000UA.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 316,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 67,77 euros.

4º) BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por R.C.P., con NIE:XXX1095XX, con rexistro de entrada no Concello núm. 2628, do 09.08.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de monitor transporte escolar.

Vista a proposta favorable da traballadora social do 21.08.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a R.C.P. a bonificación solicitada ao abeiro do artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 40 euros, correspondente a súa participación no curso.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar ao interesado.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por M.P.C., con DNI:XXX4409XX, con rexistro de entrada no Concello núm. 2636, do 12.08.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de monitor transporte escolar.

Vista a proposta favorable da traballadora social do 21.08.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a M.P.C. a bonificación solicitada ao abeiro do artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 40 euros, correspondente a súa participación no curso.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar ao interesado.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González